



## Concello de A Pobra do Caramiñal

### PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o acordo adoptado na sesión plenaria celebra o día 24 de novembro de 2016, polo cal:

*“1- O pleno da corporación, en base ao Regulamento municipal para a concesión de honores e distincións do Concello da Pobra do Caramiñal,, iniciará de xeito inmediato a incoación do expediente de nomeamento de Anxo Rei Ballesteros como fillo adoptivo da Pobra do Caramiñal, en base aos méritos, feitos e circunstancias que aparecen no documento anexo de proposta presentado para tal fin (artigo 6 do regulamento). Así mesmo, e en base ao referido regulamento (artigo7), nomeará un concelleiro ou concelleira da corporación neste pleno de novembro como xuíz instrutor, e a D. Antonio González Millán, director do Museo Valle-Inclán, secretario do expediente.*

*2- O órgano colexiado encargado de facer a valoración de méritos definitiva, composto por un membro de cada grupo político presente na corporación (artigo 7), traerá ao pleno de xaneiro unha proposta de rúa para levar o nome de Anxo Rei Ballesteros que tamén será sometida ao acordo a aprobación do pleno da corporación nesa mesma sesión.*

*3- Tanto con motivo da declaración de fillo adoptivo do concello como na colocación da placa co seu nome na rúa acordada, o concello desenvolverá actos públicos de homenaxe acordos coa solemnidade das referidas ocasións.”*

Visto que na citada sesión plenaria acordouse nomear á Concelleira D<sup>a</sup> Genoveva Santos Hermo como xuíza instrutora do procedemento e a D. Antonio J. González Millán como secretario do procedemento.

Visto que segundo consta na acta asinada polo Secretario do procedemento, en data 16 de xaneiro de 2016 reuníronse representantes de tódolos grupos políticos presentes na Corporacións aos efectos de levar a cabo a comisión valorativa regulamentariamente establecida aos efectos de ditaminar a idoneidade de D. Anxo Rei Ballesteros como fillo adoptivo deste municipio, na que se ditaminou favorablemente o seu nomeamento como darlle o seu nome a unha rúa do Concello.

Visto todo o anteriormente establecido, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción dos seguinte acordo:

**Primeiro.-** Que o Pleno da Corporación nomee fillo adoptivo deste Concello a D. Anxo Rei Ballesteros, en base aos méritos acreditados no expediente instruído a tal efecto.

**Segundo.-** Que se inicie o procedemento para o outorgamento do nome “Anxo Rei Ballesteros” a unha das rúas desta localidade.

A Pobra do Caramiñal, á data da sinatura dixital,

---

Concello de A Pobra do Caramiñal